



## Revista de Guimarães

Publicação da Sociedade Martins Sarmiento

### **NACIMENTO DAS COMUNIDADES MATIÑEIRAS.**

CALO LOURIDO, Francisco

Ano: 1993 | Número: 103

---

#### **Como citar este documento:**

CALO LOURIDO, Francisco, Nascimento das comunidades matiñeiras. *Revista de Guimarães*, 103 Jan.-Dez. 1993, p. 203-220

---

Casa de Sarmiento  
Centro de Estudos do Património  
Universidade do Minho

Largo Martins Sarmiento, 51  
4800-432 Guimarães  
E-mail: [geral@csarmiento.uminho.pt](mailto:geral@csarmiento.uminho.pt)  
URL: [www.csarmiento.uminho.pt](http://www.csarmiento.uminho.pt)



Este trabalho está licenciado com uma Licença Creative Commons  
Atribuição-NãoComercial-SemDerivações 4.0 Internacional.  
<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/>



**casadesarmiento**

centro de estudos do património

## Nacemento das comunidades mariñeiras

Francisco Calo Lourido\*

Revista de Guimarães, n.º 103, 1993, pp.203-220

Cando se pretende facer un estudio dentro do campo das ciencias humanas é de rigor escomenzar por fixar uns límites cronolóxicos e espaciais. Con respecto ó segundo direi que a costa galega estira ou encolle segundo os diferentes autores desde os 1195 km (LABARTA, 1985: 11) ata os 1309 km (GONZÁLEZ VIDAL, 1980: 19). Esta curiosa disparidade nas cifras ten, para o que agora nos interesa, pouca importancia, pois ó cabo trátase dunha liña na que hai ubicados varios centos de asentamentos, ás veces formando un continuo dividido tan só por cesuras administrativas. O que si compre destacar é que a meirande parte dos núcleos poboacionais naceron ou medraron a carón do mar, pero os seus habitantes viviron e viven de costas ó mesmo, adicándose a actividades diferentes da pesca ou practicando unha economía mixta marterra, resultando hoxe difícil atopar un pobo que poidamos considerar estricte e exclusivamente mariñeiro.

En canto ós límites cronolóxicos, abandonada xa polos antropólogos a sincronía como punto de partida apriorístico, froito non sei se dun rechazo ó historicismo cultural ou dun intencionado disimulo da falla de coñecementos históricos, ocupareime, a base de pinceladas, pois non se trata aquí e agora de facer unha historia da pesca, de sinalala aparición das comunidades mariñeiras desde os primeiros indicios xa na máis remota antigüidade.

---

\* Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento do C.S.I.C.

Convén clarexar que a base deste traballo procede dun texto que tiñamos escrito sobre a costa galega, pero que reestructuramos, engadindo datos que obran na bibliografía sobre as comunidades piscatorias portuguesas, para deste xeito adecualo a este seminario en honor de Vieira Braga.

Dos 5850 Km de costas que ten toda a Península Ibérica, 1200 corresponden a Galicia, o que xa de entrada nos está a indicala súa configuración a base de entrantes e saíntes. Estamos nunha costa recortada por rías e senos, con praias e cantiles, amplas e protexidas por illas unhas, pequenas e abertas outras, e todas elas regadas por aportes fluviais enriquecedores que dulcifican a súa salinidade propiciando os bancos marisqueiros de bivalvos, atemperadas pola Corrente do Golfo con cursos de auga lonxitudinais, profundos e de superficie, que as renovan e correntes de uppeling que fan ascendelos nutrientes. Temperatura, salinidade, intercambio das masas de auga, repartindo minerais e alimentos, fan que o noso mar presente unhas condicións inmejorables para a gran variedade de mariscos e peixes que nel se atopan<sup>1</sup>.

É lícito pensar que os recursos mariños foran aproveitados polos poboadores das nosas costas xa desde o Paleolítico, sen perder de vista que durante a glaciación de Würm (70000/60000 – 11000 B.P.) o nivel do mar estaría entre 90 e 120 m máis baixo que o actual, polo que obviamente o que hoxe son rías estarían habitadas durante o Pleistoceno por cazadoresrecolectores que irían retrocedendo conforme o mar eustáticamente penetraba nelas. Independentemente desto hai que facer notar que as industrias líticas máis antigas, do Paleolítico Inferior, aparecen espalladas sobre todo pola costa (actual) galega, tanto nas rasas ou praias fósiles como nas que hoxe o mar vai desfacendo. Desta actividade de simple recolleita é difícil atopar restos.

---

<sup>1</sup> O interés específico do tema deste traballo fai innecesario ampliar este as-pecto, polo que simplemente remito a dous traballos aparecidos nun mesmo volume, de doada consulta e con abondosa bibliografía: FRAGA-MARGA-LEF (1979: 101-121) e MARGALEF (1979: 123-168, sobre todo 162-163).

Na zona do Miño e norte da costa portuguesa teñen aparecido, e seguen a facelo, uns artefactos que en tempos se quixeron emparentar con outros da zona asturiana (do período Mesolítico) e que se deron en chamar picos camposanquienses ou ancorienses. Se foron empregados ou non para mariscar nos penedos é cuestión que hoxe está en revisión o mesmo que a súa cronoloxía, que quizais vaia desde o tardiglaciario ou inicios do Holoceno ata o mundo romano; pero o feito de que aparezan espallados polas praias dos litorais citados fai pensar que posiblemente se trate dos primeiros uteis empregados para beneficiar a actividade marisqueira.

Xa que non se trata de facer aquí un traballo de arqueoloxía non entraremos na problemática do coído de Bares (Cfr. MACIÑEIRA, 1947), pasando a salientalos numerosos, máis ou menos extensos e con moi variable potencia, Kioekkenmoedding ou concheiros dos castros galaico-portugueses, o que nos está a indicar unha actividade marisqueira con aproveitamento dos recursos intermareais (lapas, mexillóns, ourizos, minchas, percebes, centolas, ostras, ameixas, berberechos e navallas). A pesca, cando menos desde as rochas da costa, aparece tamén testemuñada sobre todo por espiñas e/ou vértebras de robalo, dourada, muxo, prago, maragota, pescada e xurelo<sup>2</sup>. Todos eles – non tanto os dous últimos – son peixes que se arriman ós cantís, polo que poderían ser pescados desde terra ou servíndose dos barcos de coiro dos que dan noticia os autores clásicos, como Estrabón (III, 3, 7) ou Avieno (100/110)<sup>3</sup>.

En moitos castros teñen aparecido anzós, con ou sen pestaña, ben coñecidos de antigo na costa portuguesa (FIGUEIREDO, 1898:

---

<sup>2</sup> O profesor Vázquez Varela da Universidade de Santiago foi quen máis traballou nos concheiros dos castros. Da súa extensa bibliografía sobre o tema citaremos un artigo case descoñecido (VÁZQUEZ VARELA 1984: 435-455) e outro de doada consulta con abondosa bibliografía (VÁZQUEZ VARELA, 1988: 209-218). En tódalas memorias de excavación feitas en xacementos castrexos nos que aparecen concheiros faise unha relación de restos; nós mesmos fixémolo en CALO-SOEIRO (1986), pero sería o devandito investigador quen se preocuparía de elaborar traballos específicos sobre o tema.

<sup>3</sup> Que os castrexos coñecían e tiñan embarcacións (que non deixaron restos) é evidente, pois doutro xeito non se explica que se asentaran en illas, como as Cíes na entrada da ría de Vigo, ben alonxadas da costa.

53/58), e non sabemos se moitas pedras cunha escotadura que foron recollidas nestes xacementos serían pesos de rede. Posiblemente cumpriran outra función, tendo en conta que pezas similares foron atopadas en castros do interior; pero sen lugar a dúbidas unha por min recollida no castro de Baroña (Porto do Son)<sup>4</sup> serviría, tendo en consideración a forma das ranuras, de peso para pescar con liña ou cana. De posibles redes, contando co material perecedeiro co que estarían feitas, nada sabemos, e non debemos esquecer que aínda non hai tantos anos que os aparellos, no canto de chumbos – sempre caros – levaban bolsas de tela cheas de area cosidas á tralla, ou pandulleiras (que en ocasións servían para dirimir litixios entre diferentes barcos). Nada desto deixa restos.

Retomando ós clásicos podemos citar a Marcial, quen loubou os salmonetes que se pescaban en Galicia, ou a Plinio, que menciona o liño dos Zoela (Tras-os-Montes), tan apto para a confección de redes que mesmo se importaba desde a Campania italiana. E lícito pensar que aquí tamén se empregaran redes e lóxicamente de liño estarían feitas.

Resumindo podemos dicir que na Cultura Castrexa se mariscaba e se pescaba. Polas especies capturadas sabemos que tiñan que empregala liña e moi posiblemente as redes. Tampouco é aventurado supor que nas ensinadas, comboas ou senos das praias empregaran estacadas de madeira, de madeira e rede, semellantes ás actuais atalladas da Ría da Arousa, ou mesmo trampas de pedra dispostas en forma de media lúa coa parte aberta cara á terra. Todos estes rudimentarios dispositivos aínda se empregan para pescar aproveitando a subida e o debalar da marea, e a súa “invención” e construción é tan simple que non consideramos fantasía supor a súa utilización xa nesta época. Por outra banda a inspiradora foi a propia costa, e o aproveitamento de peixes e crustáceos nas pozas que quedan ailladas na marea baixa aínda se segue a facer hoxe, mesmo valeirándoas por medio de caldeiros.

---

<sup>4</sup> Sobre este pobo mariñeiro da ría de Muros e Noia teño feito varios trabal-os monográficos: CALO (1978 e 1984). Empregueino como punto de parti-da para o de 1980.

Sobre a Cultura Castrexa, modificándoa e aculturándoa superponse a Romanización. O alto nivel de desenvolvemento da tecnoloxía pesqueira, conserveira e transformadora de Roma é ben coñecido polos textos clásicos. O Mediterráneo púnico e romano tiña desenvolvidos sofisticados aparellos do tipo dos tramallos e mesmo das almadrabas (Cfr. MORENO-ABAD, 1971: 209/221), así como técnicas de salazón en píos de pedra e coñecementos para fabricalo tan caro e apetecido garum, a base de escómbridos, peixes miudos e vísceras, xunto con herbas aromáticas. Se no Sur da Península tivemos enclaves de pescadores que, procedendo algúns deles da colonización púnica, chegaron xa no séc. I d.C. a ter rango de municipio, caso de Baelo Claudia, a actual Bolonia (Tarifa), e conservamos topónimos alusivos a esta actividade, como Escombreras (Cartaxena), se Galeno cita o atún hispánico e Oppiano describe como o pescaban os mariñeiros de Cádiz (Cfr. BLÁZQUEZ, 1978: 452), se mesmo na costa norte de Portugal se teñen atopado establecementos para beneficiar o peixe, vg. na zona da Póvoa de Varzim, non é ousado pensar que Roma trouxo tamén as súas desenvolvidas técnicas a Galicia e así o está a indicar a maior concentración de villae na zona costeira (Cfr. NAVEIRO-PÉREZ, 1992: 63/90). Por non facer unha relación citemos só a de Centroña (Pontedeume) ou a de Adro Vello (S. Vicente do Mar no Grove) con píos de salga cheos de escamas e ben datada por unha moeda de Tiberio. A meirande parte de establecementos deste tipo apareceron casualmente por mor de maruxías ou cambios de correntes que levaron as areas, polo que non é aventurado sospeitar que moitas máis factorías deste tipo aparecerán en anos vindeiros. Non sabemos se tamén se poden interpretar como un indicativo indirecto de actividade pesqueira os mosaicos tipo rúa de Batitales en Lugo, a Cigarrosa (A Rúa), Parada do Outeiro (Xinzo de Limia) ou, na propia costa, o de Panxón (Nigrán), por non citar os moitos que hai no Museo Arqueolóxico de Lisboa. Todos eles teñen representacións de varios tipos de peixes e bivalvos: golfinhos, lampreas, ?salmonetes?, ameixas, etc...

É posible que non se trate máis que de elementos decorativos; pero o certo é que foron feitos nunha zona do Imperio famosa polos produtos do mar.

A partir de Roma entramos nunha fase que podemos considerar obscura para o relacionado coa pesca. As fontes escritas son inexistentes e as arqueolóxicas non foron interrogadas, polo que ignoramos se houbo unha continuidade das actividades piscatorias ou unha cesura máis ou menos total. Intuitivamente e por paralelos con outras zonas podemos pensar, sen dar a isto máis valor que o de hipótese de traballo, que as labouras mariñeiras decaeron coa desaparición do Imperio Romano. Non é este o intre de afrontala cuestión do esmorecemento e abandono dos castros galaicoromanos; pero si podemos constatar que os asentamentos marítimos quedaron desertos, dislocándose a poboación presumiblemente ás terras máis fértiles e espallándose polo territorio veciño en villae e vici. É posible que a relación co mar se mantivera, aunque fora de xeito ocasional e/ou complementario, pero hoxe nada sabemos.

Teremos que agardar ata o séc. XII para ver xurdir comunidades isoladas de pescadores ou burgos marítimos ó amparo de vilas como Pontevedra. Vai ser a partir deste século cando contemos con ordenamentos e doazóns feitos a comunidades como A Guarda, Viveiro, Ribadeo, Baiona...

Antes de seguir conven deixar clara unha cuestión que para min é axiomática: o home é terrestre e só escolle o traballo do mar por obrigada necesidade. A partir deste século XII veremos nacer núcleos adicados á pesca, unhas veces por imposición ou expreso mandato da autoridade real ou señorial, outras por intereses dos mosteiros por mor do precepto de se abster de carne e finalmente por vontade propia, de xeito espontáneo, a partir de certas faenas vencelladas coa agricultura.

O papel xogado polos mosteiros debeu de ser decisivo. Só a título ilustrativo lembremos que o mosteiro de Celanova tiña coutos en Coruxo e nunha das illas Cíes coa obriga de abastecelo de peixe (especificando pescadas e rodaballos) durante a Coresma.

Moi posiblemente o topónimo Coruxo proveña de ahí, pois é sabido que rodaballos e coruxos veñen conxuntamente nos aparellos. Outro tanto poderíamos dicir de tódolos mosteiros bieitos e non digamos dos do cister nos que non se podía comer carne durante todo o ano. Por esta razón tódolos mosteiros se foron facendo con coutos ou mansos na liña costeira e a posesión de enclaves de pesca, de salinas e mesmo de pesqueiras de ríos daría lugar a gran número de pleitos entre todos eles. De xeito anedóctico direi que no mosteiro de Poio (Pontevedra) durou moitos anos a discusión de se na Coresma se podía ou non comer rodaballo, pois pola carne e a graxa que rodea as espiñas había quen defendía que non eran peixeis. Xa vimos que os de Celanova non tiñan ese problema.

Outro tanto está a suceder no Norte de Portugal, onde os dominios de tódolos mosteiros, grandes e pequenos, do arcebispado de Braga se concentran na costa e foron constituídos nos fins do séc. XI ou principios do séc. XII, tendo en conta que as primeiras referencias aparecen nas “Inquiriões” de 1220 (MATTOSO, et alii, 1985: 232).

Outras comunidades naceron sen dúbida de xeito espontáneo a partir de certas faenas vencelladas á agricultura, como é o caso da apaña do argazo.

Se recorrémolas praias do noso litoral poderemos observar como a case todas elas chegan uns camiños de carro, mejor ou peor conservados, pero sempre cunhas fondas rodeiras nas lousas e penedos, o que está a testemuñar unha prolongada actividade de transporte pesado. O material acarrexado era preferentemente o argazo e nalgúns casos o pateiro, que aínda hoxe, en pequena escala, se empregan para fertilizalos campos. Outro tanto se facía coa sardiña, ben porque o mar a destragara (LÓPEZ, Atanasio, 1914: 100), ben por non haber quen a mercara (RODRÍGUEZ, SANTAMARÍA, 1923: XXIX).

En certas épocas do ano, especialmente despois das maruxías invernais, coincidindo coas épocas de relativo descanso na agricultura, grupos de labregos trasladábanse ás praias para apañalo argazo. Ó longo dos séculos hai moitas referencias desto, suscitadas sobre todo



pola imposición eclesiástica de gardalo descanso nos días festivos. Lendo estas disposicións advírtese claramente o tira e afrouxa dos campesiños, argüindo que o argazo vai e ven coas mareas e hai que collelo cando chega, pois ó día seguinte pode non estar, e o dobre xogo das igrexas aceptando o argumento a condición de que tamén se apañe para as súas terras. Non é cousa de multiplicalas citas, pero podemos ilustrar coas seguintes.

No condado de Santa Marta de Ortigueira poden coller libremente o argazo durante todo o ano; pero os domingos e festivos a Igrexa fíxo o seu para alumear permanentemente ó Santísimo Sacramento e para costeala festa de Corpus. Para isto facíase unha subasta anual o día de Reis e adxudicábaselle o dereito ó mellor postor, que normalmente eran varios veciños asociados. Esta práctica, que cecais proveña dos privilexios concedidos por EIRei D. Alfonso X e a súa muller, D<sup>a</sup> Violante, seguía, contra toda a lexislación, viva nos primeiros anos deste século (GARCÍA RAMOS, 1912: 49/50). Este mesmo autor di en pp. 135136 que o argazo apañabase en tódolos areais de Galicia, asociándose ás veces varios veciños e repartíndose anacos de praia por orde de chegada a ela.

Un traballo recente sobre a apaña do argazo na costa de A Guarda é o de VÁZQUEZ VARELA (1990: 305/318).

Neste tema, como en tantos outros, é indispensable acudir á bibliografía portuguesa, moito máis rica que a galega. Para Nabais, ó N. da Póvoa de Varzim, hai documentación cos mesmos problemas dos días festivos xa desde o séc. XIII. En 1703 prohibiuse que acudiran as mozas solteiras a traballar pola noite, prohibición extensiva tamén ás casadas en 1743 e 1767. En 1730 prohibéase que os homes faenen con saia (SOARES, 1985: 267/273). Obviamente ningunha destas prohibicións foi respetada. Chega con follealo magnífico libro de VEIGA, GALHANO e PEREIRA (1975) para ver como os homes sempre seguiron a traballar coa tradicional saia.

Aínda hai poucos anos os labregos de Vilarelho, Venade e Azevedo (Caminha) tiñan cabanas comunitarias na praia de Cabedelo que habitaban na época da apaña do argazo (ALVES, 1985: 453).

Santos Junior fala dos labregos de Mindelo que tiñan un “criado de ir ao mar”, así como lanchas para collelo argazo, o pateiro e mesmo para pescar co mediomundo (“rodafole”); ás veces co pateiro collían centolas, comendo unhas e deixando as máis para o esterco. Tódolos grandes labregos de Mindelo tiñan casa na praia, a “casa do mar”, feita de pedra, coa porta ancha e teito de xunco ou palla onde gardaban barco e aparellos (JUNIOR, 1985: 171/174).

Podería seguir citando, pois son moitos os datos existentes e que teño recollido; pero para o que agora pretendo coido que son suficientes. O que me interese é defendela hipótese de que nesta actividade agromarítima ten que estala base de moitas comunidades de pescadores. Os campesiños pobres pasaban temporadas no litoral traballando nesta seifa, os ricos mandaban ós “criados do mar” e mesmo construían “casas do mar”<sup>5</sup>. Estas xentes tiñan que comer e pouco a pouco irían aprendendo a sacar do mar os seus produtos. Ó tratarse das xentes menos favorecidas, sen terras de seu, moitos deles rematarían por se afincar nas praias e facer do mar o seu medio de vida. Sempre defendían que a vida de mariñeiro, cos seus riscos, perigos e épocas de fame só podía ser aceptada polos que non tiñan máis fortuna que a súa forza de traballo. Vemos, pois, como unha actividade agrícola dou pé á aparición de comunidades mariñeiras.

Por outra banda, os labregos do litoral buscaron sempre un complemento alimenticio no mar. Polas “Inquirições” de D. Afonso II (1220) e D. Afonso III (1258) sabemos que os labregos ían pescar ó que máis tarde sería Póvoa de Varzim (FANGUEIRO, 1984: 105).

A diferenza de Galicia, en Portugal hai bastantes portos de mar dos que é posible atopar datos moi aproximados do seu nacemento. Así por exemplo, se en Fão e Esposende xa hai noticias sobre pescadores no séc. XVI, na Apulia non se pesca ata o século actual... para fornecer de peixe ós veraneantes, o mesmo que en Fonte Boa, onde son mariñeiros no verán e labregos durante o inverno (SOARES,

---

<sup>5</sup> Sobre este tipo de construcións pódese consultar a monografía de VEIGA, GALHANO e PEREIRA (1988) tan completa en texto, fotografías e magníficos debuxos como tódolos traballos que estes tres autores foron quen de facer en equipo.

1985: 276/277). Posiblemente foron os labregos da Arruela os primeiros en se lanzar a poboar como mariñeiros (en principio temporais) o litoral do Furadouro (LARANJEIRA, 1984: 250/251). Este autor, en pp. 255/256, insiste na vida errante do pescador e mesmo apunta un proceso de colonización costeira cando di que os mariñeiros, buscando zonas ricas en peixe, chegaban a un lugar do litoral e alí se asentaban, acobillándose primeiro dándolle a volta ó barco na praia; logo construíron “palheiros” e posteriormente casas de pallabarro (LARANJEIRO, 1984: 143/149). No Porto do Son os mariñeiros de 60 anos aínda comentan as temporadas que pasaban na “costa” (entre Fisterra e Camariñas) pescando badeixo, durmindo no barco e comendo sempre a base de peixe e mesmo ovos das gaivotas que apañaban nos cantís, e os máis vellos aínda falan do seguemento dos cardumes de sardiña ata Leixões.

Sobre Palheiros de Mira, na barra areenta de Aveiro, temos unha boa monografía na que se documenta que foron os labregos das aldeas proximas os que nos primeiros anos do séc. XIX escomenzaron a ir alí a pescar desde fins da primavera ata mediados do outono. Estes labregosmariñeiros levaban ás súas familias, pois desde 1835 xa se constatan nacementos, e en 1872, ó habelos ó longo de todo o ano, presúmese que hai unha poboación estable. Estes pioneiros empezan tamén a fertilizar e cultivalos campos próximos como un complemento á pesca, constituíndo unha comunidade autosuficiente (BRITO, 1981: 32/41).

Para min está claro que as actividades mariñeiras escomenzaron como un complemento da produción agrícola dos campesiños desfavorecidos. Vexamos unhas citas na mesma liña.

“El mar entretanto sirve de ayuda, de complemento a unos labradores que poco tienen y menos les queda. En principio parece factible que esta fuese la principal razón de ser de la pesca: contribuir a paliar la miserable situación campesina” (LABARTA, 1979: 17). Sobre a costa do bispado de Mondoñedo nos sécs. XIV ó XVI vemos que os documentos case non falan de pesca (o único que se menciona de aparellos é que hai “redes” perto de Neda), pois o que interesa é a

posesión de terras "... y el mar se prestaba más fácilmente a la libre iniciativa de pequeños pescadores, (muchos de los cuales buscaban en el mar un complemento de su producción agrícola), aunque en aquellos puertos sometidos a la jurisdicción señorial los pescadores debían satisfacer también el diezmo de pescado" (RODRÍGUEZ GALDO, 1976: 135). En GARCÍA RAMOS (1912: 175/176) lemos un documento de 1240 no que se fai entrega dunhas herdades a cambio de sardiñas, bogas, pescadas e besugos.

Obviamente, o feito de que as actividades mariñeiras escomezaran ó longo dos séculos como un complemento ás labouras agrícolas, sen prexuício de que logo as comunidades de pescadores colonizaran e explotaran as terras veciñas, non é patrimonio exclusivo de Galicia e Portugal. Por non multiplicalas citas refirámonos só a procesos semellantes nas Illas Canarias. En Arguineguin asentáronse temporalmente xentes procedentes de Telde (a 50 km de distancia), deixando alí as familias, porque consideraron idóneo o lugar ó haber fontes de auga dulce, un abrigo natural, ser unha zona chan e existir perto unha comunidade agrícola (SANTANA, 1988: 38). Neste último incide GALVÁN (1988: 11) cando di que só se pode constituir unha comunidade pesqueira con actividade "fulltime" cando está asegurado o intercambio ou troca con produtos terrestres. Coincido plenamente coa apreciación, pero como apuntaba ó falar de Palheiros de Mira son moitas veces os propios labregos, que pasan a ser mariñeiros, os que retoman a actividade agrícola fertilizando os areais proximos ó enclave. Un exemplo clarísimo deste témolo nos espléndidos "campos de masseira" na franxa costeira entre Póvoa de Varzim e Nabais.

Ó longo destas páxinas estou tentando demostrar que só a necesidade obriga a un labrego a se converter en mariñeiro. Vexamos uns datos que inciden claramente neste proceso.

Na monografía de Lourenço Alves sobre Caminha lemos que no séc. X sería unha pequena aldea de pescadores. En 1406 era unha "terra de homiziados – pescadores, mareantes e outra gente marítima foragida – por ser porto de mar e por estar muito despovoada". En 1439 hai queixas de que, por non pagalos diezmos, emigran os

pescadores ós portos proximos de Galicia. Ó quedalo lugar sen xente, pídesese a El-Rei D. Afonso V que faga á vila Couto “para virem a ela alguns homens marítimos que fosem criminosos”. ElRei concede en 1440 que 40 pescadores criminais poidan ir; pero non foi ningún. Pídesese o mesmo a D. João II e este concédeo en 1490. Fai o mesmo D. Manuel en 1497, esta vez sen límite de criminais e, por último, D. João III renova a concesión en 1525, citando 40 mareantes e outros tantos que non o fosen (ALVES, 1985: 21 e 95/96). Diante desta insistencia poderíamos pensar que ou ben en Portugal non había criminais ou que estes preferían seguir fóra da lei antes que se facer mariñeiros. O que realmente aquí nos interesa é constatar unha vez máis que a vida do mar non resultaba atractiva e que a ela chegaban os menos favorecidos e mesmo se conmutaban as contas coa xusticia ós que quixeran exercer este traballo. Non vou entrar nas concesións de fidalguía, no dereito a seren aforcados en caso de pena de morte, etc...

Xa por último, temos outra actividade que incidiría no nacemento de comunidades mariñeiras: as salinas. De todos é sabido a importancia que o sal tivo desde a máis remota antigüidade, favorecendo mesmo a aparición de importantes culturas europeas, caso da hallstättica na zona da actual Salzburgo. Na nosa costa foi aproveitado o sal mariño desde moi cedo. A primeira mención documental das explotacións que darían nome á terra do Salnés aparece no ano 886 na doazón de Alfonso III á igrexa de Santiago de salinas e viveiros confiscados ó conde Hermenexildo Pérez entre o lugar de Padrenda e A Lanzada; seguirán logo máis doazóns mesmo ó mosteiro de Celanova xa desde a nai de S. Rosendo (Cfr. BARREIRO SOMOZA, 1988: 246). Os bispos de Mondoñedo ordenan facer salinas e fornos para propiciala evaporación (RODRÍGUEZ GALDO, 1976: 137). Para as explotacións do Norte de Portugal pódese consultar a Brochado de ALMEIDA (1979), quen defendeu no Coloquio Santos Graça a presenza de salinas, cando menos de época medieval, desde o Douro ó Miño (Cfr. AMORIM, 1985: 63). E obvio que canto máis ó Sur máis doada resulta a extracción de sal nos estuarios de augas remansadas.

Sobre a situación das salinas de Setúbal, Lisboa e Aveiro no século pasado contamos cun breve pero documentado traballo enfocado desde o punto de vista analítico compositivo, con cadros comparativos con salinas francesas, así como económico, da autoría de Antonio de Almeida (1873: 117).

Os pescadores galegos recorreron desde sempre ó sal portugués, sobre todo de Aveiro, e mesmo á aprendizaxe de técnicas ou ó que hoxe chamariamos “espionaxe industrial”. Sabemos que no S. XVII houbo emigración de expertos portugueses en salinas cara a Galicia, o que foi prohibido en 1694 e 1695. Igualmente prohíbese que os galegos vaian traballar alá, pois aprenden o sistema e logo voltan a Galicia para poñelo en práctica. O asunto era de tal importancia que se chagaba a ameazar ós infractores coa pena máxima (OLIVEIRA, Aurelio, 1985: 91/92).

O traballo nas salinas, nas que non faltaban viveiros, como vemos na Lanzada xa no S. IX, foi, pois, outro dos factores que colaboraron no proceso de adaptación e transformación do labrego en mariñeiro.

Resumindo todo o anterior direi que os núcleos de pescadores naceron espontaneamente da necesidade dos campesiños do litoral de complementala súa alimentación, como medio de vida dos que carecían de terras. Os reis (Alfonso IX, Fernando II, etc.), os bispos e os mosteiros crean coutos e burgos marítimos por toda a costa galega (Cfr. PALLARES, 1991: 272/275 e FERREIRA PRIEGUE, 1988). A apaña do argazo debeu de xogar un papel moi importante e, en moito menor grado, a instalación de salinas, e mesmo en ocasións houbo que recurrir á conmutación de penas ós criminais que estiveran dispostos a se facer mariñeiros, do que é significativo o caso que citei de Caminha. Isto último é ben indicativo do que veño tentando demostrar: facerse mariñeiro é consecuencia de extrema necesidade vital. Isto mesmo detectouno perfectamente no seu tempo Lucas LABRADA (1971: 202) cando fala da pobreza das terras litorais e da incapacidade dos labregos de soportala presión impositiva dos donos das terras; e outro autor, manexando tan só o dato (que por non incidir no nacemento das comunidades mariñeiras non o empreguei aquí) da obrigatoriedade

da “Matrícula” desde principios do S. XVIII, coa carga de servico na Armada ata os 60 anos, remata dicindo: “La conclusión de todo lo que llevamos dicho es que el hombre de la costa ha sido lanzado del medio agrícola debido a su mínima rentabilidad” (GONDAR, s/d, 97).

Sintetizando todo o exposto, pode dicir que o medio mariño foi aproveitado desde a máis remota antigüidade, tendo un especial desenrolo na Cultura castrexa e sufrindo un forte impulso ó longo da romanización. Posiblemente esta actividade sufriu unha decadencia ou case desaparición nos primeiros séculos medievais para reaparecer, considerando os testemuños documentais, alá polas fins do S. XI como froito dunha obrigada necesidade. O mar é un elemento hostil e o que se fai mariñeiro é por imposición señorial ou por imperativo vital de supervivencia.

## BIBLIOGRAFIA

ALMEIDA, António de (1873): “A indústria salina em Portugal”. *Revista de Obras Públicas e Minas*, T. IV, nº 37, Lisboa, 117.

ALMEIDA, Carlos Alberto Brochado de (1979): “Salinas medievais entre o Cávado e o Neiva”. *Bracara Augusta*, XXX, fasc. 75/76 (87/88). Braga.

ALVES, Lourenço et alii (1985): *Caminha e o seu concelho*. Caminha.

AMORIM, Manuel (1985): “A evolução biofísica do litoral poveiro e a presença do homem na antiguidade”. *Actas do Colóquio “Santos Graça” de Etnografía Marítima*, III, Póvoa de Varzim, 21/63.

BARREIRO SOMOZA, Xosé (1988): “As Rías Baixas Galegas nos séculos IXXIII: Economía e Sociedade”. *Coloquio de Etnografía Marítima* (Santiago, 1984). Museo do Pobo Galego – Consellería de Pesca, Noia, 245/250.

BLÁZQUEZ, José María (1978): “Economía y sociedad de Hispania durante la dinastía de los Antoninos y de los Severos” in VV. AA.:

*Historia de España Antigua. T. II. Hispania Romana.* Ediciones Cátedra. S. A., Madrid, 443/488.

BRITO, Raquel Soeiro de (1981): *Palheiros de Mira. Formação e declínio de um aglomerado de pescadores.* Chorographia. Centro de Estudos Geográficos da Universidade de Lisboa. Lisboa (2ª Ed.).

CALO LOURIDO, Francisco (1978): *La cultura de un pueblo marineru: Porto do Son.* Universidade de Santiago. Madrid.

Id. (1980): *As artes de pesca.* Cadernos do Museo do Pobo Galego, 1. Santiago.

Id. (1984): "The Seafaring Fishing Family as an Economic Community in Porto do Son, Galicia, Spain". In *The Fishing Culture of the World.* Akadémiai Kiadó. Budapest, 261/279.

CALO LOURIDO, Francisco e SOEIRO, Teresa (1986): *Castro de Baroña. Campanhas 1980/84.* Arqueoloxía/Memorias, 6. Xunta de Galicia, Pontedeume.

FANGUEIRO, Oscar (1984): "A história poveira e a obra etnográfica de Santos Graça" in *Actas do Colóquio "Santos Graça" de Etnografia Marítima.* I, Póvoa de Varzim, 99/135.

FERREIRA PRIEGUE, Elisa (1988): *Galicia en el comercio marítimo medieval.* Fundación "Pedro Barrié de la Maza". Colección de Documentos Históricos. A Coruña.

FIGUEIREDO, A. Mesquita de (1898): "Contribuições para a historia da pesca, em Portugal, na epocha lusoromana". *O Arqueólogo Português,* IV (16), Lisboa, 53/58.

FRAGA, F.MARGALEF, (1979): "Las rías gallegas" in *Estudio y explotación del mar en Galicia.* Universidade de Santiago, Santiago, 101/121.

GALVÁN TUDELA, Alberto (1988): "La antropología de la pesca: problemas, teorías y conceptos". In *Coloquio de Etnografía Marítima* (Santiago, 1984). Museo do Pobo Galego – Consellería de Pesca, Noia, 928.



- GARCÍA RAMOS, Alfredo (1912): *Arqueología jurídico-consuetudinaria-económica de la Región Gallega*. Madrid. Hai unha ed. facsímil de 1984. Consello da Cultura Galega. A Coruña.
- GONDAR PORTASANI, Marcial (s/d): "Herencia" in *Gran Enciclopedia Gallega*. T. 17, Vitoria, 92/98.
- GONZÁLEZ VIDAL, Manuel (1980): *El conflicto en el sector marisquero de Galicia*. Akal Editor. Madrid.
- JUNIOR, J.R. Santos (1985): "Os lavradores de Mindelo lavravam a terra e o mar (notas de vida agraria)". In *Actas do Colóquio "Santos Graça" de Etnografía Marítima*, II. Póvoa de Varzim, 171/183.
- LABARTA, Uxío (1979): "Galicia mariñeira: Historia económica e científica" in VV. AA.: *Estudio y explotación del mar en Galicia*. Universidad de Santiago, Santiago, 11/72.
- Id. (1985): *A Galicia mariñeira*. Ed. Galaxia, S. A. Vigo.
- LABRADA, Lucas (1971): *Descripción económica del Reino de Galicia*. Ed. Galaxia, S. A. Vigo.
- LARANJEIRA, Eduardo (1984): *O Furadouro. O povoado, o homem e o mar*. Ed. da Câmara Municipal de Ovar. Ovar.
- LÓPEZ, Atanasio (1914): "Historia de una tempestad en Santiago (S. XVI)". *Boletín de la Real Academia Gallega*, nº 88. A Coruña, 100/104.
- MACIÑEIRA, Federico (1947): *Bares. Puerto hispánico de la primitiva navegación occidental*. Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos. Santiago.
- MARGALEF, R. (1979): "Los productos primarios de materia viva". In VV. AA.: *Estudio y explotación del mar en Galicia*. Universidad de Santiago, 123/168.
- MATTOSO et alii (1985): "A propriedade eclesiástica no litoral nortenho (1220/1258)": In *Actas do Colóquio "Santos Graça" de Etnografía Marítima*, III, Póvoa de Varzim, 231/236.
- MORENO PARAMO, A. e ABAD CASAL, L. (1971): "Aportaciones al estudio de la pesca en la antigüedad". *Habis*, 2. Universidad de Sevilla, Sevilla, 209/221.
- NAVEIRO LÓPEZ, J. e PÉREZ LOSADA, F. (1992): "Un Finisterre Atlántico en Epoca Romana: la costa Galaica (NW de la península

Ibérica)". In WOOD, Mark & QUEIROGA, Francisco: *Current Research on the Romanization of the Western Provinces*. BAR International Series S575. Oxford, 63/90.

OLIVEIRA, Aurelio de (1985): "Póvoa de Varzim e os centros de salga na costa noroeste nos fins do século XVIII. O contributo da técnica francesa". In *Actas do Colóquio "Santos Graça" de Etnografia Marítima*, II. Póvoa de Varzim, 89/126.

PALLARES MENDEZ, M<sup>a</sup> del Carmen (1991): "Las ciudades y la sociedad feudal". In *Historia de Galicia, 2. Baja Edad Media y comienzos de la Edad Moderna*. Faro de Vigo. Vigo, 269/288.

RODRÍGUEZ GALDO, M<sup>a</sup> Xosé (1976): *Señores y campesinos en Galicia. Siglos XIVXVI*. Pico Sacro. Santiago.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, Benigno (1923): *Diccionario de artes de pesca de España y sus posesiones*. Madrid.

SANTANA TALAVERA, Agustín (1988): "Unidades productivas y procesos de cambio en la pesca de bajura. Arguineguin". In *Coloquio de Etnografia Marítima* (Santiago, 1984). Museo do Pobo Galego – Consellería de Pesca, Noia, 37/52.

SOARES, Franquelim Neiva (1985): "Costumes e actividades das populações marítimas do concelho de Esposende". In *Actas do Colóquio "Santos Graça" de Etnografia Marítima*, III, Póvoa de Varzim, 253/287.

VÁZQUEZ VARELA, X. M. (1984): "The fishing in the Castro's culture". In *The Fishing Culture of the World*. Akadémiai Kiadó. Budapest, 435/445.

Id. (1988): "El marisqueo en los castros de las rías gallegas". In *Coloquio de Etnografia Marítima* (Santiago, 1984). Museo do Pobo Galego – Consellería de Pesca, Noia, 209/218.

Id. (1990): "El aprovechamiento de las algas". In *El hombre y el mar en la costa Suroeste de Pontevedra*. Diputación de Pontevedra, Vigo, 305/318.

VEIGA DE OLIVEIRA, E., GALHANO, F. e PEREIRA, B. (1975): *Actividades agromarítimas em Portugal*. Instituto de Alta Cultura. Centro de Estudos de Etnologia. Lisboa.



**casadesarmento**

centro de estudos do património

Id. (1988): *Construções Primitivas em Portugal*. Publicações Dom Quixote. Lisboa (2ª Ed.).